



LUNS, 1 DE AGOSTO, PRESENTACIÓN DO EQUIPO.

Xa temos as datas de pretemporada do Numancia de 2ª autonómica. A presentación está fixada para o luns, 1 de agosto, ás 20.30 h. en Prados Vello.

Ares, 18 de xullo de 2016.

Na primeira semana de agosto volverá a actividade futbolística a Prados Vello coa presenza do primeiro equipo do Numancia. Unha temporada máis, Marcos Amor será o adestrador dos afeccionados, estando axudado por Cartelle no banquillo.

Na segunda semana, concretamente o martes 9 ás 20.30 h. teremos a oportunidade de ver o primeiro partido do Numancia 2016/17, ante os veciños do Xuventude de Cabanas. E o domingo, 14, será o Galicia de Mugardos quen visite Ares para disputar o trofeo das festas de S. Roque.

Outro partido confirmado é o do domingo, 21 de agosto. Ese día disputarase o trofeo do Concello de Ares, entre o Numancia e o Eume.

A día de hoxe estanse a buscar outros dous partidos amigables para completar esta pretemporada e chegar ao primeiro partido de liga (4 de setembro) co equipo ben preparado

para afrontar outra temporada ilusionante.